

## RESOLUCIÓN REITORAL, DO 7 DE MARZO DE 2018, POLA QUE SE CONVOCA UN CURSO BÁSICO DE LINGUAXE SANITARIA PARA O 2.º CUADRIMESTRE DO CURSO ACADÉMICO 2017/2018

A Universidade de Vigo publica a convocatoria dun curso de lingua galega, que se impartirá no mes de abril, organizado e xestionado pola Área de Normalización Lingüística.

**Denominación:** Curso básico de linguaxe sanitaria

**Datas de celebración:** abril de 2018

**Lugar de celebración:** Escola Universitaria de Enfermaría de Pontevedra

**Duración do obradoiro:** 10 horas

### **Coordinación académica**

O director da Área de Normalización Lingüística

### **Número de participantes por grupo**

Establécese un número mínimo de 10 persoas preinscritas; de non se acadar ese número, o curso poderá anularse, e así se lles notificará ás persoas preinscritas.

### **Consignación orzamentaria**


Os gastos derivados da impartición da docencia e da elaboración dos materiais didácticos e docentes imputaranse na partida orzamentaria de Normalización Lingüística 2018 0000 421SNL 226.06.

### **Prazo de inscrición**

Do 8 ao 23 de marzo de 2018 a través da plataforma Bubela ([www.apv.uvigo.es/bubela](http://www.apv.uvigo.es/bubela)). Así mesmo, o citado prazo pecharase a medida que se cubran as prazas por rigorosa orde de preinscrición.

### **Matrícula**

A matrícula será gratuíta.



## **Avaliación**

Cómpre asistir ao 80 % das clases.

## **Diploma**

No diploma acreditativo constará o nome do curso, modalidade de impartición, duración e programa.

## **Créditos**

O curso estará recoñecido con créditos a través de horas de traballo.1

O reitor



Salustiano Mato de la Iglesia

Dilixencia para facer constar que esta resolución se publica con esta data no rexistro desta universidade.

Vigo, 7 de marzo de 2018

A secretaria do reitor

Carmen Estévez Caamaño

1Pendente da autorización pola Comisión de Organización Académica e Profesorado.